

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de decembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2239).- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ó obxecto da aprobación, se procede, dos expedientes de recoñecemento extraordinario de crédito pendentes de tramitar no exercizo orzamentario correspondente ó ano 2007.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2240).- DAR CONTA DE INFORME XURÍDICO EMITIDO POLO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA RESPECTO DOS EXPEDIENTES DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO.

Dáse conta dos informes xurídicos sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos, que son os seguintes:

a) Informe do xefe do Servizo de Recursos e Asesoramento, do 23.11.07.

Dispon o artigo 172.1 do TRLHL que "os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas"; o artigo 173.5 do mesmo texto establece que "non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar"; finalmente, o artigo 176 da mesma norma prescribe que "con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento so poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercizo orzamentario".

Os ditos preceptos recollen os principios de especialidade cualitativa e cuantitativa e anualidade do orzamento. Non obstante o disposto no último precepto, o propio artigo 176 TRLHL e o artigo 26 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, prevén que se aplicarán os créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes: "a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo os orzamentos xerais da entidade local"; "b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercizos anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3", e, no que aquí importa, "c) As obrigas procedentes de exercizos anteriores a que se refire o artigo 60.2 RD 500/1990", isto é operacións especiais de crédito, quitas e esperas e recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaría.

O recoñecemento extraxudicial de créditos é, pois, unha figura legalmente prevista na lexislación de facendas locais para imputar ó orzamento corrente gastos comprometidos no mesmo exercizo ou en exercizos anteriores sen contar con consignación orzamentaria, prescindindo totalmente do procedemento establecido ou, en xeral, incurrindo en vicios de nulidade absoluta.

Na medida en que tales gastos incorren en vicios de nulidade absoluta non son susceptibles de convalidación mediante a subsanación dos vicios dos que adolecen, provocando tal nulidade xa a liquidación do contrato, cando dun acto desta natureza se trate, mediante a restitución recíproca das cousas entregadas ou prestacións realizadas a virtude do mesmo ou do seu valor cando a restitución fora imposible, eos prexuízos causados, xa a necesidade de indemnizar ó particular prexudicado na contía na que a Administración se enriqueceu no seu prexuízo, sen causa para tal enriquecemento así como, eventualmente, tamén na contía dos prexuízos causados. Dado o carácter ex lege destas obrigas indemnizatorias por equivalencia non existe obstáculo para o seu recoñecemento en vía administrativa, sempre que con carácter previo ó recoñecemento se habilite crédito adecuado e suficiente ó que imputa-los gastos a recoñecer.

Daquela, o recoñecemento extraxudicial de créditos responde non so a necesidade de imputar ó orzamento corrente gastos comprometidos no mesmo exercizo ou en exercizos anteriores sen consignación orzamentaria ou á marxe do orzamento, senón, tamén, á obriga da Administración de indemnizar por equivalencia os particulares prexudicados, como consecuencia do acto nulo, na contía en que aquela se enriqueceu en prexuízo destes, sen causa para tal enriquecemento, e de indemnízalos tamén, no seu caso, polos prexuízos sofodos. Todo isto independentemente da responsabilidade patrimonial, e, eventualmente, disciplinaria, das autoridades e do persoal ó servizo das entidades locais, responsables dos compromisos de gasto nulos, nos casos de dolo ou culpa grave, cando, como consecuencia dos ditos compromisos de gasto nulos, se produzan prexuízos patrimoniales á Administración —maiores gastos dos que se derivarían da tramitación regular do gasto—, así como da responsabilidade contable prevista na Lei Orgánica do Tribunal de Contas, no se Título VI, artigos 38 a 43.

O orzamento xeral do Concello de Vigo regula o recoñecemento extraxudicial de créditos na base 28 das de execución do orzamento, téndose dictado para a súa aplicación a Instrución 1/2000, de 25 de maio de 2000. Cumpre finalizar este informe recordando que se ben o recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura recoñecida na lexislación de facendas locais, ideada para dar solución a situacións irregulares en beneficio dos particulares prexudicados, a súa utilización debe estar presidida pola moderación sen que poda converterse o

recurso a ela nun medio para realizar sistemáticamente gastos sen a suficiente consignación orzamentaria ou prescindindo do procedemento legalmente establecido.

b) Informe do titular da Asesoría Xurídica do 28.11.07.

En relación có asunto de referencia, do informe elaborado polo Letrado Xefe do Servizo de Recursos e Asesoramento desta Asesoría Xurídica de data do 23 de novembro pasado, informe que o Letrado que suscribe acepta na súa totalidade, dedúcese o seguinte:

1º.-PRINCIPIOS XERAIS.

A xestión orzamentaria na Administración Local encontrase recollida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo; normativa que recolle os mesmos principios reguladores contidos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria, da aplicación na Administración Xeral do Estado; principios que, asemesmo recolle a diversa normativa autonómica reguladora da materia, respecto da que constitúe, nalgúns aspectos, normativa básica de xeral aplicación en todo o territorio do Estado, e, en todo caso, actúa cá vis atractiva propia de toda normativa de aplicación supletoria.

En toda esta normativa recóllense uns mesmos principios ou regras que consumen o esqueleto que quere soportar unha mesma estrutura na xestión do orzamento, calquera que sexa a administración pública, como garante dos intereses xerais.

A este respecto, e en concreto no que se refire a xestión dos créditos do estado de gastos do orzamento das Administracións Locais, tais principios encóntranse recollidos nos seguintes artigos do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL):

Artigo 172.1 .- " Os créditos para gastos destinaránse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas".

Artigo 173.5 .-"Non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar".

Artigo 176 .- "Con cargo os créditos do estado de gastos de cada orzamento so poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercizo orzamentario".

Recolléense, pois, nos preceptos citados, os principios e regras de xestión presupuestaria, a saber :

Principio de Anualidad : Orzamento anual nun escenario plurianual.

Principio Cualitativo: Destino do gasto exclusivamente á finalidade prevista no orzamento.

Principio cuantitativo: O gasto non poderá superar a cuantía do saldo da partida presupuestaria que debe sopórtalo.

Por outra banda, a xestión dos créditos do estado de gastos, a súa vez, axustarásese as seguintes fases:

Aprobación do Gasto.

Compromiso de Gasto.

Recoñecemento da Obriga.

Orden de Pago.

Pago Material.

Cando a natureza da operación ou do gasto así o determine, poderán acumularse nun so acto as fases de execución precisas.

Ó Artigo 13 da Lei Xeral Presupuestaria establece que "o recoñecemento da obriga é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a Facenda Pública derivado dun gasto aprobado e comprometido y que comporta a proposta de pago correspondente".

Todas e cada unha destas fases terán que ser obxecto de fiscalización e intervención previa dos requisitos básicos: existencia de crédito, que este sexa adecuado á natureza do gasto e suficiente. Ademáis, o gasto deberá ser ordeado por Órgano Competente.

2.- EXCEPCIÓN.

Non obstante os principios xerais que quedan descritos con anterioridade e os que debe axustarse a execución dos créditos do estado de gastos do orzamento, a propia Lei prevé a circunstancia ou a posibilidade de que se produzan gastos sen soporte presupuestario ou ó marxe do procedemento legalmente establecido.

Para tales supostos, a mesma lei, e a pesares de calificar de nulos de pleno dereito as resolucións, acordos ou actos administrativos que tales gastos impliquen e de prever a posibilidade da exixencia de responsabilidades a que houbera lugar derivadas dos referidos gastos, arbitra ou contempla un procedemento extraordinario chamado non tanto a convalidar unha actuación levada a cabo ó marxe da legalidade, senon, mais acertadamente, a producir unha indemnización substitutiva, unha equivalencia, a favor de quen realizou a obra, prestou o servizo ou entregou o suministro de forma efectiva e a satisfacción da administración, quen venase enriquecida inxustamente se non presta a correspondente contraprestación dineraria como precio a favor de quen executou a obra, prestou o servizo o realizou o suministro.

En efecto, o propio TRLFL, no seu artigo 176, e o RD 500 /1990, do 20 e abril, no seu artigo 26, preven que "aplicaránse os créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, a obrigas: .c) procedentes de exercizos anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500 / 1990" esto é, operacións especiais de crédito, quitas, esperas e recoñecemento extraxudicial de créditos...".

Por outro lado, o Concello de Vigo regula o recoñecemento extraxudicial de créditos na Base 28ª das de execución do orzamento municipal e, a tal efecto, oprobouse, ademáis, a Instrucción 1 / 2000, do 25 de maio, da Intervención Xeral do Concello.

Estamos, pois, diante dunha previsión legal que arbitra un procedemento ad hoc que implica un mandato legal do camino que a Administración Municipal necesariamente haberá de recorrer có fin de dar cauce as xustas reclamacións derivadas de obrigas recoñecidas a favor de terceiros prestadores de obras, servizos ou suministros ó Concello; evitando con elo un enriquecemento inxusto, "indebiti" o "sine causa" por parte da Facenda Municipal; enriquecemento, por outra banda, que de non ser compesado cá correspondente retribución, constituiría xusto título para a estimación da segura reclamación que en vía xudicial presentaría o acreedor, estimación que incluíría posiblemente as costas xudiciais devengadas, e, de seguro, os xuros de demora.

3.- RESPONSABILIDADES.

O Recoñecemento Extraxudicial de créditos, constitúe, pois, un procedemento previsto pola lei, é un procedemento legal para dar cauce e resposta a unha situación de inxusticia material, mais non dexa de ser un procedemento extraordinario que non pode convertirse o seu uso en procedemento ordinario, e que, de producirse os supostos previstos na lei, danos producidos á administración por dolo ou culpa graves, pode dar lugar á exixencia de responsabilidades.

A posible responsabilidade afecta, pois, tanto os que autorizaron tales gastos sen cobertura presupuestaria ou ó marxe do procedemento de xestión dos créditos do estado de gastos do orzamento municipal, sempre que do referido gasto se deriven danos á administración municipal por incurrir, mediando dolo ou culpa grave, en gastos maiores os que se producirían dunha execución presupuestaria suxeita a normativa que queda recollida con anterioridade, como tamén os xestores, sexan ou non os causantes de tales gastos, que, diante dunha situación de gasto efectuado sen cobertura presupuestaria ou ó marxe do procedemento, non He dan ó cauce legal previsto no ' procedemento de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito, recollido na Base 28ª das de execución do vixente orzamento municipal, se con esa aralización se derivan danos á Facenda Municipal por ter que soportar esta gastos maiores (costas xudiciais ou xuros de demora).

4.- CONCLUSIÓN.

De todo-lo anteriormente dito, queda claro que diante dunha obriga recoñecida a favor dun terceiro acreedor por obra, servizo ou suministro prestado efectivamente á administración municipal (e esta obriga xurde dende o momento en que a factura é conformada polo técnico municipal e polo Concelleiro competente por razón da materia), dita administración debe dar cauce a tal situación a través do procedemento de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito a que se refire a Base 28º das de execución do vixente orzamento municipal; sen prexuízo da posible exixencia, de se-lo caso, de responsabilidades nos termos que quedan expostos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada dos anteditos informes.

(2241) RECOÑECEMENTOS EXTRAXUDICIAIS DE CRÉDITO.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes xurídicos e os informes de fiscalización e de acordo cos informes-propostas das oficinas técnicas, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación de recoñecementos extraxudiciais de créditos:

- 3.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 11.434,33 € a favor do Colexio Farmacéutico de Pontevedra. Expte. 26112/301.
- 4.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Cespa S.A. por importe de 44.224,35 € pola realización de traballos de rexeneración do céspede no Estadio Municipal de Balaídos e o Campo de Barreiro. Expte. 7295/333.
- 5.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de ESYCSA, por importe de 34.810,34 € polo mantemento integral do túnel de Montero Ríos. Expte. 12248/444
- 6.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de diversos terceiros por importe de 57.358,60 €. Exptes.3819, 3838, 3837, 3823, 3821, 3852, 3849 e 3825 de 446.
- 7.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de diversos terceiros por importe de 41.019,73 €. Expte. 3834, 3835, 3831 e 3829 de 446.
- 8.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Antonio Costas Fernández S.L. e Pavimentos de Madera Porriño S.L. por importe de 5.322,08 €. Exptes 3827 e 3836/446.
- 9.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da empresa Cespa S.A. por un importe total de 57.306,72€. Expte. 3847/446.
- 10.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da compañía Fundición Dúctil Benito S.L. por importe de 4.155,12 €. Expte. 3812/446.
- 11.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 41.630 €. Expte. 3864/446.
- 12.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Prodeimper por importe de 72,57 €. Expte.3853/446.
- 13.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da empresa Exclusivas Puente S.L. por importe

de 5.243€. Expte. 3817/446.

- 14.- Reconeñemento extraxudicial de crédito a favor de Obras y Construcciones Dios S.A. por importe de 2.019,56 €. Expte. 3815/446.
- 15.- Reconeñemento extraxudicial de crédito a favor de Empresa Simco S.L. por importe de 1.066,44 €. Expte. 3814/446.
- 16.- Reconeñemento extraxudicial de crédito a favor de SERCOYSA por importe de 120.609,26 €. Expte. 1379/321.
- 17.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 12.000 € a favor de Dex Europa pola asistencia técnica de apoio a proxectos europeos. Expte. 3374/320.
- 18.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por un importe de 20.004,90 € a favor de TAP, “Trabajos Auxiliares de Puentes, S.L.”, por construcción de pista polideportiva en Teis. Expte. 1378/321.
- 19.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 13.170,51 € a favor de Editorial Aranzadi, S.L. por suscripción libros xurídicos. Expte. 869/550.
- 20.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 7.566,46 € a favor de WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A. (La Ley), en concepto de suscripción. Expte. 870/550.
- 21.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 586.626,45 €, a favor de IMES, S.A. por alumeados do Nada 05-06 e 06-07l. Expte. 2226/104.
- 22.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 190.733,41 € a favor de GEDEMON, S.L. por traballos de decoración Nadal 06/07. Expte. 2227/104.
- 23.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por un importe de 43.805,50 €, a favor da Compañía Telefónica, por retirada de postes en vial de acceso no parque tecnolóxico. Expte. 51753/250.
- 24.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 7.934,89 € a favor de Hidroestructuras S.L. Expte. 345/443.
- 25.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 6.962,55 € a favor de Hidroestructuras S.L. Expte. 346/443.
- 26.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 11.491,16 € a favor de Movesvial S.L. Expte. 348/443.
- 27.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 12.520,20 € a favor de Sercoysa Proyectos y Obras S.A. Expte.568/443.
- 28.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 23.693,55 € a favor de Sercoysa Proyectos y Obras S.A. Expte. 590/443.
- 29.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 35.387,98 € a favor de Movexvial. Expte. 581/443.
- 30.- Reconeñemento extraxudicial de crédito por importe de 13.035,50 € a favor de Xestión Ambiental

de Contratas S.L. Expte. 524/443.

- 31.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 17.580 € a favor de Xestión Ambiental de Contratas S.L. Expte. 525/443.
- 32.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 8.100 €, a favor de ORESA Expte. 530/443
- 33.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 9.096 € e 18.220 € a favor de Obras y Construcciones Dios, S.A. Expte. 571-572/443.
- 34.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 4.560,70 € a favor de Obras y Construcciones Dios. S.A. Expte. 573/443.
- 35.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 78.196,59 € e 166.403,37 €, a favor de SERCOYSA. Exptes. 586-587/443.
- 36.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 8.225,84 € e 30.817,60 € a favor de MOVEXVIAL. Exptes. 618-617/443.
- 37.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 7.301,64 € a favor de Hidro Estructuras. Expte. 347/443.
- 38.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 50.221,72 € e 61.607,21 € a favor de MOVEXVIAL. Exptes. 575-576/443.
- 39.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 10.651,55 € e 1.636,25 € a favor de MOVEXVIAL Exptes. 577-578/443.
- 40.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importes de 31.522,33 € e 9.638,04 € a favor de MOVEXVIAL. Exptes. 600-601/443.
- 41.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 7.783,11 € a favor de Construcciones Caballero, S.L. Expte. 570/443.
- 42.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 77.964,99 € a favor de MOVEXVIAL. Expte. 574/443.
- 43.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 17.492,56 € a favor de COVSA Expte. 567/443.
- 44.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 29.713,75 a favor de GAOS. Expte. 585/443.
- 45.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 59.859,90 a favor de CLAVIMAR GALICIA Expte. 552/443.
- 46.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 179.859,84 € a favor de MOVEXVIAL. Expte. 579/443.
- 47.- Reconocimiento extrajudicial de crédito por importe de 22.059,09 € a favor de SERCOYSA.

Expte. 569/443.

- 48.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 27.870,25 € a favor de CAFSA Costructora. Expte. 609/443.
- 49.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importes de 132.132,35 €, 12.461,76 € e 8.862,17 € a favor de GAOS Exptes. 390-584-583/443.
- 50.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importes de 142.073,82 €, 103.567,18 €, 207.868,61 € e 27.573,25 € a favor de MOVEXVIAL. Expte. 560-561-562-563/443.
- 51.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importes de 92.184,18 € e 164.212,87 € a favor de INDEZA. Exptes. 564-565/443.
- 52.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 58.672,87 a favor de MOVEXVIAL. Expte. 603./443.
- 53.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 34.914,57 a favor de MOVEXVIAL. Expte. 604./443.
- 54.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 29.692,11 a favor de MOVEXVIAL. Expte. 605./443.
- 55.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 19.930,33 a favor de MOVEXVIAL. Expte. 528/443.
- 56.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 36.920,70 a favor de MOVEXVIAL. Expte. 566/443.
- 57.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 1.260,00 a favor de VILA RODRIGUEZ S.L.. Expte. 647./443.
- 58.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 1.380,00 a favor de VILA RODRIGUEZ S.L. Expte. 646./443.
- 59.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 108.398,00 a favor de SERCOYSA. Expte. 589/443.
- 60.- Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 640,81 € a favor de Adolfo Fernández González, por desenvolvemento do programa Verán Hoxe de 2006. Expte. 1969/336.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.